


30 XANEIRO – 20 FEBREIRO
PAZO DA CULTURA
CARBALLO



MOSTRA DE CINE
EUROÁRABE
AMAL EN RUTA
CARBALLO



الوجود
EXISTIR É
RESISTIR
مقاومة


FESTIVALAMAL.COM



CONCELLARÍA
DE CULTURA



FESTIVALAMAL.COM



**MOSTRA DE CINE
EUROÁRABE
AMAL EN RUTA
CARBALLO**

MOSTRA AMAL EN RUTA CARBALLO

AMAL en Ruta é un proxecto da 'Fundación Araguaney-Puente de Culturas', unha entidade sen ánimo de lucro nacida en Santiago de Compostela no ano 1984 e cuxa misión principal é o achegamento cultural entre Oriente e Occidente, en concreto, entre o mundo árabe, Latinoamérica e España.

Na edición de 2025, AMAL en Ruta aborda principalmente a identidade, a resistencia cultural e as realidades sociais dos países árabes. Baixo o lema "Existir é resistir," a programación céntrase na resistencia do pobo palestino e noutras historias de resiliencia en contextos de conflito e migración. Os filmes desta edición abordan temáticas diversas como a situación en Gaza, os dereitos da muller en Xordania ou a chegada de refuxiados a Europa.

O carácter itinerante da mostra ten como obxectivo achegar á sociedade a cultura árabe a través do cinema, ofrecendo unha visión ampla e multidimensional desta realidade tan heteroxénea. Un proxecto que hoxe é máis necesario que nunca, porque o coñecemento do 'outro' favorece o entendemento e o respecto mutuo, dous elementos fundamentais para avanzar na tolerancia e no progreso entre os pobos, algo que AMAL en Ruta canaliza a través da cultura audiovisual.

A Fundación Araguaney-Puente de Culturas converteuse ao longo das súas máis de catro décadas de existencia nun referente da vangarda audiovisual e do debate social en Galicia, así como nun exemplo de integración cultural, destacando entre as súas actividades a Semana de Cinema Euroárabe AMAL -a máis antiga de Europa-. Dende 2008 a Fundación é membro da Alianza Global para a Diversidade Cultural da UNESCO.



**CONCELLARÍA
DE CULTURA**



CARTA DO DIRECTOR

EXISTIR É RESISTIR

Ghaleb Jaber Martínez

*“Se teño que morrer, ti debes vivir
para contar a miña historia”
Poema nº 7D, Refaat Alareer*

Nós, os palestinos, non somos nada en absoluto. Ou non debemos ser nada para institucións, estados e organizacións que nos ignoraron desde 1948 e, especialmente, desde hai un ano. Máis de 365 días que seguen sumando.

Desde hai décadas, o pobo palestino foi sometido a múltiples agresións: roubo de terras, confiscación de propiedades, demolición de vivendas, restricións de movemento, limpeza étnica, represión violenta, tortura e morte. Mentres escribo esta carta, están a bombardear a persoas inocentes. Tentan facernos desaparecer, borrar a nosa vida e o noso legado.

Despois de tantos anos e tantas mortes, temos que dicir, alto e claro, que isto debe terminar. Este xenocidio retransmitido en directo, en tempo real, a golpe de *click*, ten que parar. O silencio e a neutralidade convértenos en verdugos.

Os que nos están a masacrar levan tempo utilizando a cultura e os medios de comunicación para encubrir as súas atrocidades. Por iso, cada poema, cada película, cada fotografía, cada libro que publicamos é sinónimo de loita. Os palestinos e descendentes de palestinos convertemos o mero feito de existir en resistencia. Amal non é só un festival de cine, é un acto de resistencia.

Nos 22 anos de Amal, loitamos contra a desinformación que promoven as empresas de comunicación e outros organismos co obxectivo de deshumanizar a cultura e a cidadanía árabe e converter ao resto da sociedade en cómplices desta barbarie.

Amal significa esperanza, pero este ano significa, sobre todo, RESISTENCIA.



الوجود
EXISTIR É
RESISTIR
مقاومة

PROGRAMACIÓN

AMAL EN RUTA CARBALLO consta de 5 longametraxes (catro ficcións e un documental) que supoñen un percorrido polo mellor cine árabe da actualidade. Tódalas películas teñen un considerable recoñecemento nos principais festivais de cine internacionais.



Xoves 30 de xaneiro. 20.00 h.
Pazo da Cultura

THE TEACHER (FIC)

Farah Nabulsi

2023 | Palestina | 115'

Un profesor palestino enfróntase á devastadora realidade do conflito en Gaza mentres trata de inspirar aos seus estudantes a través da educación. A película retrata, cunha mirada íntima, o choque entre o idealismo e a brutalidade cotiá onde o ensino convértese nun acto de resistencia.

FARAH NABULSI

Farah Nabulsi é unha directora palestino-británica defensora dos dereitos humanos. Foi nomeada aos Oscars e gañou un premio BAFTA pola súa curtametraxe *The present* no 2021. Fundou unha produtora a través da cal escribe, produce e dirixe as súas filmes de ficción, explorando temas que lle importan.

الوجود
EXISTIR É
RESISTIR
مقاومة





Sábado 01 de febreiro. 20.00 h.
Pazo da Cultura

INSHALLAH WALAD ^(FIC)

Amjad Al Rasheed
2023 | Xordania, Francia, Exipto | 113'

Nai e ama de casa, Nawal ten que enfrontarse á súbita morte do seu marido. Segundo a lei de sucesións, a familia do seu marido ten dereito á maioría das súas pertenzas, incluída a vivenda que ela mesma pagou, só porque non ten fillo. Desesperada, finxe estar embarazada.

AMJAD AL RASHEED

Amjad Al Rasheed, nado en 1985, é un director e escritor xordano. A súa primeira longametraxe, *Inshallah Walad*, estreouse mundialmente no Festival de Cannes de 2023 como parte da prestixiosa Semana da Crítica. Isto converteuna na primeira película xordana seleccionada para o Festival de Cine de Cannes.

الوجود
EXISTIR É
RESISTIR
مقاومة





Xoves 06 de febreiro. 20.00 h.

Pazo da Cultura

THE OLD OAK (FIC)

Ken Loach

2023 | Reino Unido | 110'

O filme narra o futuro de The Old Oak, o único pub que resiste nunha vila do noroeste de Inglaterra, onde a xente está abandonando a terra a medida que pechan as minas. As casas son baratas e están dispoñibles, polo que é un lugar ideal para un grupo de refuxiados sirios.

KEN LOACH

Ken Loach é un prestixioso director británico, coñecido polo seu estilo realista e o seu enfoque sobre temas sociais e políticos. Ao longo da súa carreira, dirixiu aclamados filmes como *I, Daniel Blake*, *Riff-Raff* e *The Wind that Shakes the Barley*, todos eles premiados internacionalmente. Loach destaca polo seu compromiso coa xustiza social, a cotío explorando as loitas das clases traballadoras e grupos marxinalizados nas súas obras cinematográficas.

الوجود
EXISTIR É
RESISTIR
مقاومة





Xoves 13 de febreiro. 20.00 h.

Pazo da Cultura

TO A LAND UNKNOWN ^(FIC)

Mahdi Fleifel


2024 | Grecia, Reino Unido, Palestina | 105'

Chatila e Reda, de orixe palestina, son dous curmáns que remataron vivindo nos suburbios de Atenas buscando unha vida mellor. No intento de aforrar diñeiro para pagar os pasaportes falsos e mudar a Alemaña, Chatila trama un plan extremo antes de que sexa demasiado tarde.

MAHDI FLEIFEL

Mahdi Fleifel é un cineasta palestino que reside en Londres. Naceu en Dubai, creceu no campo de refuxiados de Ain El-Helweh (O Líbano) e nas aforas de Elsinore (Dinamarca). Graduouse na Escola Nacional Británica de Cinema e Televisión en 2009. O seu coñecido documental, *A World Not Ours* percorreu o gran circuito de festivais e obtivo numerosos premios, entre eles o Premio da Paz da Berlinale, o de Mellor película en Edimburgo e o Gran Premio en Yamagata.

الوجود
EXISTIR É
RESISTIR
مقاومة





AMAL 25
EN RUTA



Xoves 30 de xaneiro. 20.00 h.
Pazo da Cultura

BYE BYE TIBERIAS (DOC)

Lina Soualem

2023 | Palestina, Bélxica, Qatar, Francia | 82'


Anos despois de deixar a súa aldea palestina para emprender unha carreira de actriz en Francia, Hiam Abbass regresa a casa coa súa filla neste documental íntimo sobre catro xeracións de mulleres e o seu legado compartido de separación.

LINA SOUALEM

Cineasta e actriz franco-palestina-alxerina, Lina Soualem é licenciada en Historia e Ciencias Políticas pola Universidade da Sorbona. Soualem dirixiu os multipremiados filmes *Their Algeria* (2020) e *Bye Bye Tiberias* (2023), o cal foi elixido para representar a Palestina nos Óscar de 2024.

الوجود
EXISTIR É
RESISTIR
مقاومة





**MOSTRA DE CINE
EUROÁRABE
AMAL EN RUTA
CARBALLO**

FESTIVALAMAL.COM